



Programación Docente de TROMPA

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA		INSTRUMENTO (I – VIII)								
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								ITINERARIO	TROMPA
CARÁCTER	B) Obrigatoria								TIPO DE CLASES	Individual
DEPARTAMENTO	VENTO METAL								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	Enrique Lorenzo Vila
CURSOS	1.º curso	2.º curso	3.º curso	4.º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA					Enrique Lorenzo Vila
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	1,5
ETCS/ CUADRIMESTRE	9	9	9	9	10	10	10	12	Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	Enrique Lorenzo Vila									

2. Descriptor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A través da práctica interpretativa do instrumento conséguese integrar e poñer en práctica aspectos musicais e teóricos presentes nos estudos de música superiores, colaborando ao desenvolvemento da capacidade analítica, do coñecemento do repertorio do propio instrumento e da evolución estilística dos diferentes períodos da historia da música.
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
XERAIS	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
ESPECÍFICAS	E11, E12, E14, E15, E16, E10

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS
Perfeccionar na súa totalidade as capacidades artística, musical e técnica da trompa.	T3, T6, T13, X3, X6, E11, E14
Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquirir as técnicas de estudo necesarias que permitan a autonomía no traballo e a valoración do mesmo.	T1, X8, X21, E12, E15
Abordar a interpretación do repertorio de trompa aplicando os coñecementos musicais adquiridos: histórica, formal e estéticamente; interpretando un repertorio solista que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel e en público.	T3, T15, X1, X11, X24, E11, E10
Preparar, controlar e dominar a execución solista en público como un proceso de aprendizaxe imprescindible para a tarefa de concertista.	T3, T15, X11, X13, E14, E15
Valorar o dominio do corpo e da mente para utilizar con seguridade a técnica e concentrarse na audición e interpretación.	T1, T2, X8, X13, E16, E10
Aplicar ao repertorio solistaos criterios interpretativos vixentes nos diferentes períodos da historia da música e a súa evolución estilística.	T6, T15, X1, X3, E12, E14
Habitarse a escoitar música para formar a súa cultura musical e establecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.	T2, T15, X8, X13, E15, E16
Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete.	T3, T17, X21, X24, E12, E16



4. Contidos

TEMAS		DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
I	Dominio da técnica para trompa	Dominio na execución técnica da trompa en toda a súa extensión e en todo o referente á afinación, articulación, dinámica e dixitación, creando unha homoxeneidade tímbrica entre os diferentes rexistros. Estudo dos exercicios e estudos sinalados na bibliografía, materiais e documentos da presente programación docente.	TODAS (20 minutos)
II	Dominio das diferentes convencións interpretativas de tódalas épocas	Estudo de exercicios de trinos, triple e dobre picado, dobles sons, diferentes ornamentacións e aplicación práctica de efectos sonoros de vangarda (glissandi, frullato, voz e sons simultáneos, bouché, sordinas), así como dos exercicios e estudos sinalados na bibliografía, materiais e documentos da presente programación docente.	14 (30 minutos)
III	Exercicios para o dominio da capacidade musical do alumno en relación á trompa	Estudo dos exercicios dos métodos sinalados na bibliografía, materiais e documentos da presente programación docente. Adestramento progresivo da memoria.	14 (10 minutos)
IV	Estudo do repertorio solista para trompa	Estudo do repertorio solista para o dominio da capacidade musical do alumno en relación á trompa. Estudo das obras sinaladas na bibliografía, materiais e documentos da presente programación docente.	TODAS (30 minutos)
V	Audición pública	Interpretación consciente a través da comprensión das estruturas musicais e aplicación dos coñecementos musicais e técnicos da trompa na execución do repertorio solista. Conciencia das normas de comportamento a seguir nas audicións en calidade de intérprete.	2 (20 minutos)
VI	Lectura a vista	Práctica da lectura a vista de obras ou fragmentos adecuados ó nivel.	2 (20 minutos)
Total de sesións por cuatrimestre			16

5. Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE		1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		OBSERVACIÓNS
		I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	
Presenciais	Clases prácticas	24	24	24	24	24	24	24	24	
	Audicións	4	4	4	4	4	4	4	4	
	Titorías	2	2	2	2	2	2	2	2	
Non presenciais	Traballo persoal	240	240	240	240	270	270	270	90	
Total de horas cuatrimestrais		270	270	270	270	300	300	300	330	

6. Descriptores de Planificación

TIPO DE ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN DA METODOLOXÍA
Clases prácticas	Revisión nos aspectos técnicos, formais, históricos, estilísticos ou artísticos no traballo realizado polo alumn@ ao longo da semana.
Traballo individual	Pescuda de información, análise, dixitación ou memorización dos novos traballos musicais. Revisión do tempo, fraseo, dinámicas, ornamentación, articulación, carácter e demais recursos musicais en base á súa análise e ás fontes documentais. Profundización no traballo realizado coa axuda de novas tecnoloxías.
Audicións	Presentación en público do repertorio do curso e presenza como ointe nas audicións do Departamento de Vento metal. Cada alumn@ deberá interpretar un programa dunha duración de 20 minutos (+/- 5 minutos). A audición coincidirá co final do cuatrimestre en calendario proposto pola Xefatura de estudos.

7. Avaliación

ORDINARIA			
CONTÍNUA	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
FERRAMENTAS			
Traballo persoal	Nivel de concreción de recursos traballados segundo as referencias básicas dispostas no apartado 8 da presente Programación docente. Mostrar nos exercicios técnicos, nos estudos dos métodos e nas obras do repertorio solista, a capacidade de dominio na execución sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Demostrar nos estudos e obras a capacidade de resolución de problemas técnicos e interpretativos e a súa aprendizaxe.	50%	TODAS
Audición	Interpretar públicamente obras solistas das programadas, cunha interpretación mínima de 15 minutos de duración. Mostrar nas obras a capacidade de dominio na execución sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Demostrar na interpretación unha autonomía necesaria e de acordo cos criterios do estilo correspondente. Interpretar de memoria obras do repertorio solista programados.	30%	TODAS
Exame	Mostrar nos estudos a capacidade de dominio na execución sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Demostrar nos estudos a capacidade de resolución de problemas técnicos e interpretativos. Demostrar na interpretación unha autonomía necesaria e de acordo cos criterios do estilo correspondente. Interpretar de memoria estudos dos métodos programados. Mostrar no exame un mínimo de 6 estudos dos programados no curso e cuatrimestre. Mostrar fluidez e comprensión na lectura a primeira vista.	20%	TODAS
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando iso ocorra, o profesor da disciplina actuará segundo o protocolo establecido.			
ALTERNATIVA	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
FERRAMENTAS			



Exame	Mostrar nos exercicios técnicos e nos estudos dos métodos programados no curso, a capacidade de dominio na execución sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Demostrar nos estudos a capacidade de resolución de problemas técnicos e interpretativos. Demostrar na interpretación unha autonomía necesaria e de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mostrar no exame un mínimo de 12 estudos dos programados no curso e cuatrimestre. Mostrar fluidez e comprensión na lectura a primeira vista.	50%	TODAS
Audición	Interpretar públicamente obras solistas das programadas, cunha interpretación mínima de 30 minutos de duración. Mostrar nas obras do repertorio solista a capacidade de dominio na execución sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Demostrar na interpretación unha autonomía necesaria e de acordo cos criterios do estilo correspondente. Interpretar de memoria obras do repertorio solista ou estudos dos métodos programados.	50%	TODAS

EXTRAORDINARIA

FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Exame	Mostrar nos exercicios técnicos e nos estudos dos métodos programados no curso, a capacidade de dominio na execución sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Demostrar nos estudos a capacidade de resolución de problemas técnicos e interpretativos. Demostrar na interpretación unha autonomía necesaria e de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mostrar no exame un mínimo de 12 estudos dos programados no curso e cuatrimestre. Mostrar fluidez e comprensión na lectura a primeira vista.	50%	TODAS
Audición	Interpretar públicamente obras solistas das programadas, cunha interpretación mínima de 30 minutos de duración. Mostrar nas obras do repertorio solista a capacidade de dominio na execución sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Demostrar na interpretación unha autonomía necesaria e de acordo cos criterios do estilo correspondente. Interpretar de memoria obras do repertorio solista ou estudos dos métodos programados.	50%	TODAS

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

8. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

9. Bibliografía, materiais e documentos**REFERENCIAS BÁSICAS**

O material e traballo específico que se desenvolverá na clase nos diferentes cursos será o seguinte:

TROMPA I

Técnica: Escalas completas de catro a sete alteracións, en semicorcheas e M.M. = 80. Intervalos de 3ª e 4ª das mesmas escalas en corcheas. Arpexios das escalas con inversión e sin elas e arpexios de sétima de dominante con inversións. Exercicios de pedales na extensión dunha octava cromáticamente. Exercicio de preparación dos trinos.

Métodos: ALPHONSE, M.: 5º cadernos dos 200 estudos (estudos 1 ao 10); KLING, H.: 40 estudos (estudos 1 ao 10); BOZZA, E.: 18 estudos en forma de improvisación (estudos 1 ao 9); GALLAY, F.: 40 preludios para trompa.

Repertorio solista: BEETHOVEN, L.: Sonata Op. 17; MOZART, W.A.: Concerto nº 3 Kv. 447; DUKAS, P.: Villanelle

TROMPA II

Técnica: Escalas completas de catro a sete alteracións, en semicorcheas e M.M. = 80. Intervalos de 3ª e 4ª das mesmas escalas en corcheas. Arpexios das escalas con inversión e sin elas e arpexios de sétima de dominante con inversións. Exercicios de pedales na extensión dunha octava cromáticamente. Exercicio de preparación aos trinos.

Métodos: ALPHONSE, M.: 5º cadernos dos 200 estudos (estudos 11 ao 20); KLING, H.: 40 estudos (estudos 11 ao 20); BOZZA, E.: 18 estudos en forma de improvisación (estudos 10 ao 18); GALLAY, F.: 40 preludios para trompa.

Repertorio solista: ARNOLD, M.: Fantasy for horn; STRAUSS, R.: Concerto nº 1 Op. 11; SAINT-SAËNS, C.: Morceau de concert

TROMPA III

Técnica: Escalas completas ata catro alteracións, en semicorcheas e M.M. = 96. Intervalos de 5ª das mesmas escalas en corcheas. Arpexios das escalas con inversión e sin elas e arpexios de sétima de dominante con inversións. Exercicios de pedales na extensión dunha octava cromáticamente. Exercicios de triple picado.

Métodos: BELLOLI, A.: Estudos progresivos (estudos 1 ao 4); KLING, H.: 40 estudos (estudos 21 ao 30); BITSCH, M.: 12 estudos para trompa (estudos 1 ao 6); FRANZ, O.: 10 estudos concertantes (estudos 1 ao 5); ZARZO, V.: 17 estudos de contraste (estudos 1 ao 9).

Repertorio solista: TELEMANN, G.P.: Concerto en Re; MOZART, W.A.: Concerto nº 2 Kv. 417; FRANCAIX, J.: Divertimento

TROMPA IV

Técnica: Escalas completas de catro a sete alteracións, en semicorcheas e M.M. = 96. Intervalos de 5ª das mesmas escalas en corcheas. Arpexios das escalas con inversión e sin elas e arpexios de sétima de dominante con inversións. Exercicios de pedales na extensión dunha octava cromáticamente. Exercicios de dobre picado.

Métodos: BELLOLI, A.: Estudos progresivos (estudos 5 ao 8); KLING, H.: 40 estudos (estudos 31 ao 40); BITSCH, M.: 12 estudos para trompa (estudos 7 ao 12); FRANZ, O.: 10 estudos concertantes (estudos 6 ao 10); ZARZO, V.: 17 estudos de contraste (estudos 10 ao 17).

Repertorio solista: HAYDN, J.: Concerto nº 1 en Re; SCHUMANN, R.: Adagio e allegro; BOZZA, E.: En foret

TROMPA V



Técnica: Escalas completas ata catro alteracións, en semicorcheas e M.M. = 108. Intervalos de 6ª e 7ª das mesmas escalas en corcheas. Arpexios das escalas con inversión e sin elas e arpexios de sétima de dominante con inversións. Exercicios de pedales na extensión dunha octava cromáticamente. Exercicios de dobre son.

Métodos: GALLAY: 12 estudos brillantes; NEULING: 30 estudos para trompa baixa (estudos 1 ao 15); BOUTRY: 14 estudos breves para trompa (estudos 1 ao 7); KOPPRASCH: 60 estudos (estudos 30 ao 45).

Repertorio solista: STAMITZ, C.: Concerto en mib maior; HINDEMITH, P.: Concerto; KIEL, A.: Concerto Op. 23

TROMPA VI

Técnica: Escalas completas de catro a sete alteracións, en semicorcheas e M.M. = 108. Intervalos de 6ª e 7ª das mesmas escalas en corcheas. Arpexios das escalas con inversión e sin elas e arpexios de sétima de dominante con inversións. Exercicios de pedales na extensión dunha octava cromáticamente. Exercicios de dobre son.

Métodos: ALPHONSE, M.: 6º Caderno dos 200 estudos para trompa; NEULING: 30 estudos para trompa baixa (estudos 15 ao 30); BOUTRY: 14 estudos breves para trompa (estudos 8 ao 14); KOPPRASCH: 60 estudos (estudos 46 ao 60).

Repertorio solista: MOZART, W.A.: Concerto nº 4 Kv 495; ROSSINI, G.: Preludio, tema e variacións; TERWILLIGER, E.: Till Eulenspiegels lustige

TROMPA VII

Técnica: Escalas completas ata catro alteracións, en semicorcheas e M.M. = 116. Intervalos de 8ª das mesmas escalas en corcheas. Arpexios das escalas con inversión e sin elas e arpexios de sétima de dominante con inversións. Exercicios de pedales na extensión dunha octava cromáticamente.

Métodos: ZARZO, V.: 18 estudos novos (estudos 1 ao 9); BOURGUE, D.: Suites de Bach (suites 1 a 3); ROSSARI: Exercicios para o curso superior

Repertorio solista: STRAUSS, R.: Concerto nº 2 en mib maior; GLIERE, R.: Concerto Op. 91; TOMASI, H.: Concerto

TROMPA VIII

Técnica: Escalas completas de catro a sete alteracións, en semicorcheas e M.M. = 116. Intervalos de 8ª das mesmas escalas en corcheas. Arpexios das escalas con inversión e sin elas e arpexios de sétima de dominante con inversións. Exercicios de pedales na extensión dunha octava cromáticamente.

ZARZO, V.: 18 estudos novos (estudos 10 ao 18); BOURGUE, D.: Suites de Bach (suites 4 a 6); ROSSARI: Exercicios para o curso superior

Repertorio solista: WEBER, C.M.: Concertino; ARNOLD, M.: Concerto nº 2; MISHORI, E.: Prolongued schofar variations

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- ROSEN, Charles: O estilo clásico: Haydn, mozart, Beethoven. Madrid: Alianza Música, 1986
 COPLAND, Aaron: Como estudar a música. Madrid: fondo de cultura económica de España, 1994
 BENNET, Roy: Una breve historia de música
 BOURGUE, D. (Trad. M. Martínez): La trompa. París: International music Diffusion Arpeges, 1993
 DESCHAUSSEÉS, Monique: El intérprete y la música. Madrid: Rialp, 1998
 ZARZO, V.: La trompa. Madrid: Alianza Música, 1986
 CORTOT, Alfred: Curso de interpretación. Buenos Aires: Ricordi, 1934
 FARKAS, Philip: El arte de tocar los metales
 HARRISON, Sidney: Como apreciar a música. Madrid: Edaf, 1984

10. Observacións

Será aplicable a esta Programación Docente a lexislación vixente así como as normas que a regulan.